

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoexa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

O CONFLITO DE ALTRI

JOAQUÍN ARAÚJO DEU ESTA CONFERENCIA EN MELIDE EN MAIO DE 2024. «HAI QUE LIBERAR A LIBERDADE DO NEOLIBERALISMO, PORQUE A LIBERDADE, NO SENTIDO MÁIS AMPLO DO TERMO, ESTÁ NO CÁRCERE, NO CÁRCERE DA COBIZA», ALERTA. CÓMPRENOS RESISTIR Á SUBSTITUCIÓN DO NECESARIO POLA MERCADORÍA.

A LIBERDADE DA AUGA^I

/JOAQUÍN ARAÚJO

Naturalista, comunicador, campesiño

Boas tardes.
Noraboa. A miña máis cordial felicitación.
Os anciáns que dedicamos a vida enteira a que haxa un pouco máis de vida en lugar dun pouco menos vivimos,

{1} Tradución do castelán ao galego
de Xulio Cuba Orosa.

como podedes imaxinar, ao longo dunha traxectoria de máis de medio século, toda sorte de situacións nas que a desproporción entre o valor do que se pretende defender e a tiránica opresión de quen pretende destruír sempre supuxo unha loita extraordinariamente desigual. Case sempre era unha loita diante dos moi poderosos, os moi ben armados e capaces de utilizar os resortes de manipulación máis potentes que existen na nosa sociedade. Por certo, multiplicados por moitas veces nos últimos tempos polo auxe dalgunhas cousas que curiosamente lles chaman liberadoras, cando creo que pouco máis nos está encadeando á incomunicación e á incompreensión que esta especie de sobredose de aspectos relacionados coa comunicación e coa información.

Tamén lles falo a vostedes como alguén que tivo unha rara fortuna, porque, no fondo, a min deixáronme contar moitas cousas a través dos medios. Aínda que non se pode propoñer unha convivencia nunha sociedade como a nosa sen a comunicación, sen a información básica, resulta que cada día se nos escapan máis realidades, e sobre todo escápasenos máis vida, precisamente a través do que non está vivo. Andamos tan extraviados no propio contento e no propio engano que convén ter moi claro que todas as tecnoloxías son algo morto, e resulta que as poñemos en primeiro lugar, reverenciámolas, domínannos, ocúpannos e, curiosamente, nós somos algo vivo e preferimos a vida. É nese sentido no que creo que hai que situar todas as defensas da vida.

Eu quéroos felicitar a vostedes porque están burlando ese extraordinario poder dos poderosos, das informacións, da aplicación das tecnoloxías e mesmo dunha parte da información científica nunha dirección que literalmente pode ser debuxada como un funil no que todo vai a un punto que conflúe en que algún beneficiado sae aínda máis beneficiado do que está. De todo o que nos pasou ao longo deste medio século e de todo o extraordinariamente grave que está pasando, hai poucos flotadores, táboas de náufrago, árbore á que agarrarse ou cravo ardendo ao que aferrarse, pero unha desas poucas esperanzas é que suceden cousas como as que vostedes están protagonizando agora mesmo.

Eu felicítóos porque vostedes aínda senten a paisaxe que os fixo. E non é pequena a consideración que hai que unir a esta afirmación, porque este mundo está sendo demolido a



Joaquín Araújo.
FOTOGRAFÍA DE
XULIO CUBA OROSA

base de emascular os sentimentos das xentes con relación aos seus lugares de procedencia e de pertenza, coa destrución da paisaxe en todas as súas dimensións, desde os elementos máis conspicuos, como poden ser os que os trouxeron a vostedes aquí hoxe, os cursos fluviais, as augas de calquera tipo, ata a arquitectura popular, ou ata as formas nas que se falaba e se relacionaba a xente na súa cotiá vida de aldea, da que hai que se sentir especialmente orgulloso e non caer na trampa de se considerar algo menor porque se viva nun ámbito rural. A cultura rural foi arrasada, por suposto, pero nisto, como no que acabo de dicir sobre a tecnoloxía, as substitucións non son na maioría dos casos por algo mellor. Pode que sexa substitución por algo máis cómodo, máis rápido, máis feo, máis sucio, máis enfermo, pero xamais por algo mellor.

E isto, que en teoría é un anatema politicamente moito máis que incorrecto, é o que temos que conseguir que prevaleza: sentir a paisaxe, sentila como túa.

A paisaxe é a confluencia de todo o que sustenta a vida de cara ao propósito máximo da historia da propia vida ou da natureza. É a continuidade, a sucesión de sucesións, as herdanzas hereditarias. Todo iso está guillotinado polos presupostos xerais da economía, aparentemente de libre mercado, e que cada dous por tres tropeza en contradicións tan extraordinarias que parece mentira que se chamen intelixentes. Por certo, agora moi axudados por unha cousa que se chama intelixencia artificial e que realmente é pura ignorancia como forma de entender que é a vida, de entender que é o realmente esencial.

Toda paisaxe, todo ámbito, toda comarca, toda aldea que non estea no sentimento está xa morta. Isto parece duro, parece un maximalismo, pero é precisamente por onde se coa a destrución, pola falta de vínculos emocionais, sentimentais, que son os que animan o que vostedes están facendo. Eu son un dos anciáns da tribo da defensa da natureza neste país e por iso podo dicir que cando unha parte da sociedade decide salvar a súa paisaxe, é dicir, desobedecer as instrucións básicas que case sempre o poder político e económico consegue colocar no centro das súas actuacións, é cando cabe ter algunha esperanza de que esa paisaxe non será destruída. Témolovivido en centos de ocasións. Practicamente, non houbo grandes actuacións de modificación das condicións básicas de calquera contorno natural que non tivese algún tipo de resposta. Somos un sector minoritario, por suposto, pero non deixamos de ter capacidade de advertir, de protestar, de chamar a atención, de intentar que pedagoxicamente algo lles caiba aos que só entenden de acaparamentos, concentracións e multiplicación dos seus ingresos, para que non o leven a cabo.

Probablemente mereza a pena que lles conte algo que levo moi dentro e que forma parte desas cousas que te animan a seguir, seguir e seguir, cando o lóxico sería que te retirases hai un montón de anos. Que é o sentimento da natureza? Que é iso que quere ser esquecido permanentemente? Sempre crin na pedagogía, sempre crin na comunicación veraz, sempre crin en que a educación nos saque dos buratos nos que caeu esta civilización.

O sentimento da natureza é o máis progresista, o máis culto, o máis belo e o máis necesario que pode albergar unha

emoción humana, por moito que literalmente fose tapiado incluso polo sistema educativo, que xa é terrible, non? Sentir a natureza é vivir coa vida. Sentir a natureza é a inclusión absoluta de todas as cousas. É exactamente o contrario do que domina en boa medida nas nosas sociedades actuais, que son procesos de acaparamento, privatización, soberbia, competitividade extrema. O sentimento da natureza é o cume da civilización e da cultura, como dixo don Miguel de Unamuno.

Esta civilización e esta cultura actuais caracterízanse precisamente por excluír a natureza de forma absolutamente radical, dramática, inmensamente torpe, groseira, mesquiña e ignorante. Haino que deixar moi claro: a natureza nunca tivo necesidade de excluír a ninguén. Todo o contrario. Nunca se reservou o dereito de admisión, sempre acepta todo o que chega. Fíxense se acepta todo o que chega que nos proporciona absolutamente todo, incluíndo os medios para destruíla. Pénseno un pouco. Isto pódese resumir moi facilmente cun precioso aforismo de Tagore –por certo, como emboscado, son home que fai unhas grandes cantidades de leña todos os anos. É aquilo que di o gran poeta hindú: «O leñador pediulle á árbore un mango para o seu machado e a árbore deullo». A árbore dáche o medio de que poidas cortar a árbore!

Se isto o extrapolamos á auga, pódese dicir que a auga nos dá todo, absolutamente todo, entre outras cousas porque nos dá a intelixencia, que derivou en capacidade de destrución absolutamente abafante. Non podemos pensar sen auga, tampouco ver, tampouco comer, tampouco respirar. E este produto da auga que somos os seres humanos converteuse en todo o contrario do que é a auga: a auga é xénese permanente, o humano é destrución permanente, coas excepcións evidentemente que todos coñecemos.

Esta vinculación emocional, sentimental, que é o que os está mobilizando a vostedes dunha forma espontánea, é algo moi importante, polo cal os volvo felicitar. Porque eu son dos quizais raros personaxes que tivo unha certa actividade pública, incluso asesorei ministros, que estou absolutamente convencido de que hai que ser capaces de ter movementos sen líder. Hai que facer política sen políticos. Que difícil! Isto case é unha confesión persoal, e perdoaranma, pero a

min se non falo de xeito emocional dáme a impresión de que literalmente estou mentindo ou que non estou dicindo nada interesante.

Isto de salvar esta comarca, esta forma de estar dentro dunha paisaxe, se tivese unhas determinadas directrices organizadas por uns determinados liderados, seguramente sería menos eficaz, tería menos potencial. E dígoo desde o convencemento. De min houbo incluso quen dixo que nos anos 90 eu era o líder das pelexas ecoloxistas deste país. Sempre neguei que haxa que ter líderes, e moito máis o ser eu líder. Hai que ter medo a todo poder, porque o poder só funciona se tes medo.

En consecuencia, o sentimento espontáneo de rebeldía, de desobediencia, é cando un non está marcado por unha directriz, cando vostedes, cando todos os humanos de a pé temos que vérnolas cos que nos queren quitar algo. Quérennos quitar a paisaxe, quérennos quitar a nosa relación coa paisaxe, quérennos quitar a nosa emoción, quérennos quitar nin máis nin menos que as poucas verdades que son absolutamente certas neste mundo. E quérennos quitar tamén a maior parte da liberdade posible neste mundo.

Entón é cando hai que estar cos nosos. E quen son os nosos? Isto é un xogo de palabras: os nosos son, alén dos que nos estamos vinculando a un proxecto de salvación dunha contorna natural, os nosos son os que queremos rescatar, os nosos son as carballeiras, son os gurgullos, son as veigas, son a anciá cultura ancestral de vivir na paisaxe sen destruíla. É un xogo de palabras, xa o sei, pero o contrario aos nosos son os outros: Altri quiere decir os outros, en italiano polo menos. Nosoutros ou os outros, e en consecuencia imos elixir ben, non?: preferímonos a nós mesmos, preferimos a nosa paisaxe, a nosa beleza, o noso contorno, fronte a eses outros, os altris, que son numerosísimos, incansables, armados de absolutamente todos os recursos, e sobre todo armados dunha poderosísima ferramenta que se chama mentira.

E aquí hai outra vez que propoñer un aspecto que parece unha dicotomía de máximos, ou un maniqueísmo absoluto, pero é que están pasando tales cousas neste planeta e nesta sociedade e nesta terra galega e onde poñamos o oído e o ollo que convén non seguir poñendo panos quentes, non seguir

usando eufemismos, non seguir enganándonos. Os outros teñen unha soa posible definición: cobiza.

Perdoen outra pequena mención autobiográfica: lendo o libro máis difícil que se pode ler en lingua castelá, *Las soledades*, de Góngora, de pronto dixen: –que xenialidade! Saben como chamaba Góngora todo o proceso de descubrimento e conquista de América? Cunha soa palabra: cobiza. E eu estouno propoñendo, aos outros chamémoslos cobiza, aos gobernos que non aman a súa paisaxe, a súa terra, hainos que chamar cobiza, porque é a suma da conquista, da imposición, da transformación negativa, da substitución do palpitante, belo, libre e necesario por mercadoría. Porque a palabra riqueza tampouco debemos usala, porque cando a usas correctamente a palabra riqueza é o sentimento da natureza, porque é a riqueza emocional, a riqueza anímica, a riqueza que enriquece o humanismo ben entendido.

Pois a loita é así, entre a cobiza e a vida, e a cobiza colleita moita morte. A cobiza é aquilo que moitas veces mencionamos de que nada é suficiente para estes personaxes que consideran o suficiente manifestamente escaso. O sentimento da natureza, a cultura rural ben entendida, o pensamento ecolóxico, por que non dicilo?, é a máis difícil de todas as propostas que intelectualmente pode forxar o ser humano, pois é estar a carón do suficiente, o contento co que un ten. Volvendo a Epicuro e os suficientes, a cobiza sempre está destruindo o que tiñamos pola ansia do que non tiñamos. Esa é a historia deste sistema de atentado permanente á vivacidade. A información técnico-científica non aplicada a aspectos crematísticos ou interesados dinos que neste planeta agora mesmo non hai nin un metro cadrado ileso, nin sequera dentro dos nosos organismos. Nin un metro cadrado ileso!

Pero si temos algunhas paisaxes, como a que queremos defender con esta plataforma, que non foron destruídas de todo. E por iso paga aínda máis a pena que loitemos por isto que moita xente non acaba de aceptar, de incorporar: deixarlle á paisaxe que siga facendo o que sabe facer. Entón hai que considerar de forma especialmente clara unhas poucas ideas.

Que é a auga? A auga é a materia máis orixinal, máis creativa, máis necesaria e á que máis lle debemos os seres

humanos. Se vostede pretende unha privatización de enormes caudais de auga para ameazala, vostede non sabe o que é a auga. Un dos pasos que hai que dar nunha sociedade como esta –xa sei, son inxenuo, pero non curei coa vellez– é que cómpre aprender que é a natura, que é o que fai por nós. Para empezar, faino gratis. A auga fai todo o que preferimos, todo o que nos gusta, todo o que necesitamos, faino arreo e de balde. E agora cobiza vén e quere privatizar e cobrar pola auga.

Outra pincelada: que é un río? Tamén anda no limbo do ignorado, e máis ignorado polos poderes, infinitamente máis, porque o ribeirogo o río lévao posto. Todos levamos posto un río, porque se nos abeiramos a ver pasar a fluínte fluidez, poñémonos inmediatamente a fluír sentimentalmente coa auga (esta reiteración da palabra é intencionada). O río é un camiño que anda para que todo o demais poida andar. Camiño que anda. Non mo pares, e se mo paras, que sexa para facer fariña.

Que saben facer a auga e o río? Absolutamente todo (segunda vez que o digo). O primeiro labor da auga é o gran desiderátum, que é o rexuvenecer incesantemente o mundo. A auga é o elixir por excelencia. As súas mesmas propiedades son a base de toda renovación. O mundo é rexuvenecido incesantemente pola auga, porque, entre outras cousas, todos os relevos, todas as formas, todos os obxectos deste mundo están feitos con auga, e se son destruídos ou morren por calquera proceso, a auga volve empezar e volve poñer en marcha todo.

Que fai o río? O río é o gran invento para darlle cohesión á paisaxe. Outro regalo máis da natureza. Porque neste mundo que queremos ignorar e que está sendo destruído masivamente hai unha marabillosa lei de obrigado cumprimento, porque é espontáneo, que é que todo teña que ver con todo, que todo estea emparentado, que todo sexa algo que poida ser incluído na primeira persoa do pronome en plural, na palabra nós. Iso: o río é unha escola de anosamento, de que isto é noso e nós somos iso que os nosos ollos ven fluír de cando en vez.

Ese río e esas augas son os que fan algo que, se non nos enganamos, se non nos desprezamos a nós mesmos, somos perfectamente capaces de recoñecer, porque fan a beleza,

a beleza deste mundo. E a beleza é a capacidade de poñer a funcionar todas as vidas, de debuxar todas as formas e de contribuír a todos os destinos de todos os seres vivos. Por iso o río ten que seguir fluíndo, e fluíndo con limpidez, e fluíndo con caudal. A diatriba do caudal ecolóxico! Esta historia é absolutamente pavorosa: o caudal ecolóxico é a totalidade do caudal.

Eu son campesiño e uso unha mínima porción de augas que flúen pola miña terra. Por suposto, consigo limparme con auga, e estou san grazas á auga. Insisto: como, bebo, respiro grazas á auga. Por certo, que esquecido está que respiramos grazas á auga! Case todos cremos que respiramos grazas ao aire, pero é que a auga contribúe a que o aire sexa respirable, que convén tamén telo presente. Se o río e a auga, a conca hídrica e esas destrezas regaladas da auga conseguen a beleza, bo será desobedecerlle á cobiza e empezar a obedecerlle á beleza. Á beleza obedéceselle co sentimento da natureza, que vostedes están representando especialmente ben.

Pero eu quixen que esta charla estivese presidida por un termo, a liberdade. Poucas cousas están máis manipuladas, deterioradas, no momento presente. Estanlle dando unha malleira á liberdade! Miña nai! E por iso habería que empezar a ter en conta que é a liberdade. Por suposto, xa sei que é moi provocativo: eu son de cen a dez mil veces máis libre que calquera cidadán de calquera cidade do mundo. Por que? Porque vivo no bosque. Esaxeración? Un cidadán, para empezar, se é dunha grande urbe, ten da orde de trescentas obrigas que cumprir ao día, mandatos, normas de conduta estritamente establecidas, comportamentos absolutamente condicionados, ademais de ver entre cen ou cento cincuenta reclamos publicitarios que o inducen a outra toma de posturas que non están libremente asumidas. Eu, como vivo no bosque, pódolles dicir non só que pasei moitos miles de días da miña vida sen unha soa obriga, sen unha soa instrución, sen un só mandato e, aínda o mellor, sen ter que usar o diñeiro, porque no bosque no tes nada que comprar e moitísimo menos que vender.

Que é a liberdade? A liberdade é, por exemplo, non encarcerar a nosa terra galega cos barrotes dos eucaliptos. Iso é liberdade, porque este país está encarcerado por unha árbore. Oh, terrible! Pois si, míreno: son uns barrotes. Se logo tes un

pouco de idea de botánica, pois sabes que é cobiza. Quen plantou o cárcere dos eucaliptos sobre a terra galega? A cobiza.

Polo tanto, haberá que emprender un movemento de liberación, que é o que somos os sentimentais da natureza, os defensores das paisaxes aínda non destruídas de todo. Somos un movemento de liberación. Somos un movemento de liberación de moitos aspectos. Para empezar, queremos liberar a lentitude da présa; a beleza, da cobiza; queremos liberar a paisaxe da ignorancia violenta dos cobizosos; queremos liberar, por suposto, a vida da morte, ou polo menos que sexa menos mortal a morte. Somos un movemento de liberación. E no caso do río Ulla fronte ao proxecto de alteración sen dúbida máis asoballador da terra galega como é Altri, somos un movemento de liberación de Galicia. Si, de Galicia. Ah!, que non dirán os interesados, os que dan ordes, os que teñen poder?

A auga é o primeiro artista do planeta. Por iso somos un movemento de liberación da beleza. Non hai beleza no planeta sen auga. E si, hai moitos movementos de liberación agora mesmo. Tamén (atentos ao xogo de palabras) hai que liberar a liberdade do neoliberalismo, porque a liberdade, no sentido máis amplo do termo, está no cárcere, no cárcere dos estereotipos mentais, no cárcere da cobiza.

E a auga está en risco de ser encarcerada. Avanzan de forma galopante todos os modos, maneiras e sistemas de privatizar a auga, de quitarlle a súa esencia, a súa condición, a base de considerala un elemento esencial, que o é, pero éo, esencial, para a beleza e a vida. Tamén é esencial para cobiza. Cobiza tampouco pode funcionar sen auga. Pero que non nola quite coa argumentación. Hai cousas que simplemente polo lugar onde están planificadas son atentados contra a liberdade e a beleza. Xa sei que eses dous apartados non figuran. Tiven que ver moitos informes de impacto ambiental na miña vida. Díxenllo unha vez a Josep Borrel cando era ministro: «A ver cando a liberdade e a beleza están entre as condicións básicas dun informe de impacto ambiental». Non vexades a cara que me puxo. Este está máis que tolo! Pois segue pendente. Eles, erre que erre, a privatizar, a privatizar, a privatizar. Pois nós, a liberar, a liberar, a liberar.

Se cada árbore en pé deste planeta é un punto de apoio para unha civilización eivada (síntome orgulloso de escribir

esta frase), cada sorbo de auga tamén, cada litro de auga tamén, cada metro cúbico de auga tamén.

Desobedezamos, como están vostedes facendo. Non nos deixemos nin manipular, nin insultar, nin encarcerar. Se a auga perde a súa beleza en liberdade, todos estaremos sendo un pouco máis presos desa fea señora chamada cobiza.

Moitas grazas, e que a vida os atalante. 🍷

CAIRÓN

Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 8. Marzo 2025

COORDINA

Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN E DEBUXAN

Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA

Laboratorio Numax

PRELO

Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025

